

Expte: 713/2024**ACTA DA PROBA PRÁCTICA DA FASE B DE OPOSICIÓN E RESULTADO DO CONCURSO OPOSICIÓN PARA O POSTO DE PEÓN(OFERTA EMPREGO NÚM. 12-2025-3758) AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2025.**

Asistentes:

Presidente: M.^a Raquel Novo Montes, funcionaria do Concello de Moeche

Secretara: Cristina Sueiras Rodríguez, funcionaria do Concello de Moeche.

Vogais:

María Pilar Pazo González, persoal laboral fixo do Concello de Moeche

Pedro Antonio Amado Freire, persoal laboral fixo do Concello de Moeche

Na Casa do Concello de Moeche, sendo as 12:30 horas do día 14 de abril de 2025, reúnense os membros do tribunal para a realización da fase de oposición, consistente na realización dunha proba práctica de manexo de útiles, ferramentas e maquinaria agrícola e forestal relacionadas coas funcións do posto de traballo a desenvolver e que se especifican nas bases (ferramentas manuais e/ou manexo de maquinaria e/ou vehículos municipais). Esta fase ten unha puntuación máxima de 6 puntos. Quedarán excluídas do proceso aquelas persoas que non se presenten á fase de oposición.

A proba desenvólvese na zona de campo ao lado do concello e a proba consiste en montar o cabezal da desbrozadora de mochila, colocar fio e desbrozar un espazo delimitado durante cinco minutos.

Faise o chamamento aos candidatos/a e os/as que asisten aparecen coa indicación A, os non presentados figuran coa indicación NP e co R aqueles que se retiraron na proba por non saber manexar a ferramenta.

Candidato/a	Chamamento
CAAVEIRO BELLAS ANTONIO	NP
GARCIA BELERDA IGOR	A
PICOS FERNANDEZ BEATRIZ	NP
RODRIGUEZ VARELA SONIA	NP

Rematadas as probas o Tribunal trasládase á casa do concello para facer as valoracións cos seguintes resultados:

Candidato/a	Puntuación fase oposición
GARCIA BELERDA IGOR	5,00



Finalmente a puntuación provisional do proceso de concurso oposición queda co seguinte resultado:

Candidato/a	Puntuación fase concurso	Puntuación fase oposición	Total
GARCIA BELERDA IGOR	2,40	5,00	7,40

Os aspirantes disporán dun prazo de **2 días hábiles**, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado da proposta de contratación a Presidenta da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Rematado este prazo e resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas, o aspirante proposto achegará a Administración, dentro do prazo establecido de **2 días hábiles**, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente. Ademais achegarán o certificado de delitos de natureza sexual. Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Ás 12:45 horas, dase por finalizada a sesión, asinando os asistentes a presente acta en proba de conformidade.

Moeche,

Os membros do tribunal

A presidenta A secretaria As/os vogais




